

# Tarifa de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes

En vigor desde 01.02.2021

## EPÍGRAFE 06 SERVICIOS DE PAGAMENTO: TRANSFERENCIAS E OUTRAS ORDES DE PAGAMENTO (EEE)\*. PAGAMENTO DE NÓMINAS \*ÁMBITO DE APLICACIÓN:

As tarifas recollidas nesta epígrafe serán de aplicación a todas as transferencias nacionais en euros e ao resto de transferencias reguladas polo Regulamento CE 924/2009 de 16 de setembro de 2009 e UE 260/2012 de 14 de marzo de 2012, é dicir, transferencias de conta a conta entre estados membros da Unión Europea máis Liechtenstein, Noruega e Islandia, efectuadas en euros, en coroas suecas ou en lei (RON) romaneses con comisións sempre compartidas (SHA).

As tarifas recollidas nas seguintes táboas aplícanse a clientes persoas físicas

Transferencias emitidas	COMISIÓN POR OPERACIÓN	
	%	Mínimo
Orde individual en oficina e Liña BBVA	0,40	6,00 €
Orde automática (véxase a nota 7) ou en ficheiro	0,25	1,75 €
Orde inmediata en bbva.es e app BBVA	---	1,25 €
Transferencia inmediata en oficina	0,50	8 €
Orde valor mesmo día	0,50	10 €
Transferencias emitidas urxentes Target-2 Banco de España ou outro sistema de pagamento urxente (véxase a nota 5)	0,50	15,00 €
<b>Transferencias recibidas</b>	0,00	0,00 €

\*Non todas as ordes de transferencias poderán ser tramitadas mediante soporte magnético.

As tarifas recollidas nas seguintes táboas aplícanse a clientes persoas xurídicas

Transferencias emitidas	Comisión por operación	
	%	Mínimo
Orde individual en oficina	0,40	6,00 €
Orde automática ou en ficheiro	0,25	1,75 €
Orde inmediata en BBVANetcash	0,50	6 €
Orde valor mesmo día	0,50	10 €
Transferencias emitidas urxentes Target-2 Banco de España ou outro sistema de pagamento urxente (véxase a nota 5)	0,50	15 €
Transferencias recibidas	0,00	0,00 €

\*Non todas as ordes de transferencias poderán ser tramitadas mediante soporte magnético.

Conceptos complementarios para transferencias aplicables tanto a persoas físicas como a persoas xurídicas

Concepto	%	Mínimo e máximo ou fixo en euros
As transferencias emitidas e recibidas con datos insuficientes ou incorrectos levarán unha comisión adicional para o emisor e para o receptor de (véxase a nota 1)	--	15,00 €
Por entrega ou recepción de efectivo: Para o ordenante, cando a orde se realiza contra entrega de efectivo e non con cargo en conta, e para o beneficiario, cando a orde se entrega en efectivo e non con aboamento en conta.	1,00	3 € mínimo 15 € máximo
Por cumprimento de instrucións especiais, cando o pagador instrúe que se realicen accións especiais de aviso, contacto ou comunicacións especiais co beneficiario que impidan o tratamento automático da operación (véxase a nota 8).	--	15,00 €
Por anulación, modificación ou devolución da transferencia, a cargo do ordenante. (véxase a nota 9)	--	20,00 €
Para as transferencias realizadas por Internet, cando o ordenante solicite o aviso ao beneficiario por mensaxe SMS cobrarase unha comisión adicional por mensaxe	--	0,15 € por mensaxe
Por emisión de xustificante unitario en transferencias múltiples, adicional á folia resumo de liquidación, a pedimento do ordenante.	--	0,30 euros por xustificante
Percibiranse, en concepto de gastos totais de transmisión (fax, SWIFT, EBA) por operación.	--	10 euros
Por cada petición e en concepto de gastos de emisión e envío de copia da mensaxe (SWIFT) enviada pola entidade de orixe como soporte á execución da orde.	--	3 euros
Por conversión a formato SEPA cobrarase unha comisión adicional.	0,10	1,45 € mínimo

- NOTA 1** A información que o cliente debe facilitar á entidade para a aceptación e emisión da transferencia/pagamento de nóminas por esta é a seguinte:
- IBAN do ordenante salvo para as ordes que se efectúen contra a entrega de efectivo en caixa. Nome ou razón social e domicilio completo do ordenante e NIF/CIF, en cada caso.
  - Nome ou razón social do beneficiario.
  - Código internacional de conta bancaria (IBAN) completo e válido do beneficiario. Importe e divisa da transferencia.
- NOTA 2** Cando os efectos comerciais cobrados que, ao abeiro do artigo 6º da Lei cambiaria e do cheque, devindiquen xuros a cargo do librado, segundo se cita na EPÍGRAFE 01, nota 6, o aboamento destes xuros á entidade tomadora será considerado como transferencia e, polo tanto, suxeito ao cobramento de comisións por este concepto.
- NOTA 3** Para poder aplicar a tarifa reducida por soporte magnético, o número de operacións por cada soporte recibido, de acordo coas especificacións da Asociación Española de Banca, deberá ser igual ou superior a 200 operacións.
- NOTA 4** A entrega de ordes masivas, entendida por estas 200 ou máis operacións, polo ordenante en soporte magnético, deberá obrar en poder do banco, na forma e lugar de tratamento acordados segundo a modalidade, cunha antelación mínima de cinco días hábiles á data da súa orde, que coincidirá coa "data de pagamento". En caso de que a presentación se efectúe por relación en papel, a antelación deberá ser de oito días.
- Nos casos en que a orde dada polo cliente non sexa conforme por sinatura ou non haxa saldo suficiente na conta de cargo, considerarase como "data da orde" a data en que poida ser executada unha vez cumprido o requisito que falte.
- NOTA 5** Aquelas que se executan, seguindo as instrucións do cliente, no mesmo día para acreditar na conta da entidade do beneficiario tamén no mesmo día. Deben permitir o seu tratamento automatizado, polo tanto, as contas de cargo e aboamento estarán identificadas co IBAN tecnicamente correcto e válido.
- NOTA 6** Percibiranse, en concepto de gastos de correo, os de franqueo xerados por cada envío, segundo se indica na EPÍGRAFE 00 da tarifa de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes.
- NOTA 7** Considéranse transferencias automáticas as que se realizan por vías en que o cliente interactúa sen necesidade dun empregado da sucursal. Non todas as transferencias poden ser emitidas de maneira automática.
- NOTA 8** Non se pode realizar o tratamento automático cando a conta de aboamento é tecnicamente incorrecta ou careza dela.
- NOTA 9** No caso de que o provedor de servizos de pagamento do destinatario ou do ordenante repercuta algunha comisión ou gasto pola anulación, modificación, devolución ou ampliación de datos da orde, estes custos serán repercutidos ao cliente ordenante ou destinatario, segundo se aplique.
- NOTA 10** Non se aplicarán as comisións e/ou gastos a todas as operacións (ordes, transferencias, emisión de cheques, etc.) contidas nesta EPÍGRAFE, de persoas xurídicas, así como de persoas físicas, sempre que estas últimas acorden co banco a non aplicación da Orde EHA/2899/2011 de 28 de outubro por actuar no ámbito da súa actividade profesional ou empresarial, cando se pactasen unhas comisións e gastos cuxa fixación se efectúa en función do importe das operacións, da realización dun número determinado destas, que se realicen durante un prazo determinado, etc., mentres se manteñan estes pactos.

## Pagamento de nóminas.

ORDES DE PAGAMENTO DE NÓMINAS (Empresa ordenante)	COMISIÓN POR OPERACIÓN			
	ORDE EN FICHEIRO		ORDE INDIVIDUAL	
	%o	MÍNIMO	%o	MÍNIMO
		Euros		Euros
Aboamento ordinario en conta	0,40	0,30	0,50	0,60
Aboamento no mesmo día	0,45	0,35	0,60	0,70

PAGAMENTO DE NÓMINAS EN EFECTIVO* (Empresa ordenante)	COMISIÓN POR CADA PAGAMENTO	
	%o	MÍNIMO
		Euros
Nas caixas do propio banco, mediante relacións facilitadas pola empresa ordenante.	1,00	0,90
Nos locais da empresa	2,00	1,20

\*Este servizo só se presta en España

Nos pagamentos de nóminas, mediante aboamento en conta, o banco non remitirá ao beneficiario aviso do aboamento, pois este será preavisado explicitamente na folia de liquidación individual de haberes.

En caso de que o emisor e/ou beneficiario solicite que o banco expida aviso de aboamento en conta, devindicaranse, ademais, 0,30 euros por aviso e repercutiranse os gastos de correo que se orixinen por cada aboamento en conta.

Os bancos non tratarán nin manipularán ningún documento interno das empresas xustificativo dos importes aboados por nómina.

No pagamento de nóminas nos locais da empresa, serán por conta desta os gastos orixinados por traslados de fondos e medidas de seguridade, salvo pacto en contrario.

Nos casos en que na orde dada polo cliente non sexan as sinaturas conformes ou non haxa saldo suficiente na conta de cargo, considerarase como "data da orde" a data en que poida ser executada unha vez cumprido o requisito que falte.

Para evitar as demoras que se puidesen orixinar, no pagamento de nóminas, a empresa ordenante deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Fondos dispoñibles suficientes nas súas contas.
- Entrega da orde cunha antelación respecto á data de pagamento de:
  - . Ficheiros ..... 5 días hábiles.
  - . Individuais ..... 8 días hábiles.

Confección de cheque nómina (véxase a epígrafe 15).